

Materia	CIENCIAS DA NATUREZA	Pág.	1
Curso	6º de Primaria		
Profesor	Graciela Portela Freire		

CONTIDOS (Temporalizados por avaliacións) (A temporalización é meramente informativa. Pode sufrir variacións)		
1ª AVALIACIÓN (1-3)	2ª AVALIACIÓN (4-6)	3ª AVALIACIÓN (7-9)
-A célula Definición, tipos, organismos unicelulares e pluricelulares, microscopio. -O ser humano O corpo humano, funcións vitais, etapas da vida, diferencias e identidade persoal. -A función de relación nos seres humanos. Relación co medio, os sentidos, o sistema nervioso, aparato locomotor, sistema endocrino.	-O aparato dixestivo e sistema excretor. Nutrición e alimentos, nutrientes, pirámide alimenticia, aparato dixestivo, o sistema excretor.. -Aparato respiratorio. Partes, respiración, enfermidades, contaminación e saúde. -Aparato Circulatorio Funcións, compoñentes, a circulación, enfermidades do aparato circulatorio, hábitos saudables, doazón de sangue.	-A función de reprodución. Aparatos reprodutores, fases da reprodución, idades do ap.r, enfermidades. -A saúde. Estado de benestar, enfermidades, hábitos saudables, riscos para a saúde, coñecemento dun mesmo. -A electricidade, luz e movemento. A electricidade como enerxía, cargas e corrente eléctrica, natureza da luz, reflexión e refracción, tipos de movementos, velocidade e aceleración.
OBXECTIVOS		
. Adquirir a idea célula e describir as propiedades e características da mesma. . Desenvolver a curiosidade por coñecer como se reproducen os seres vivos. . Coñecer as características da reprodución humana; os seus órganos e os cambios que se producen no embarazo. . Coñecer as características das etapas da vida dun ser humano. . Coñecer as enfermidades frecuentes e a súa prevención.		

- . Coñecer as características e propiedades dos aparatos que compoñen o corpo humano e as súas funcións.
- . Definir luz, magnetismo e electricidade.

METODOLOXÍA

- A metodoloxía será activa , participativa e globalizadora, favorecendo a integración dos alumnos/as na dinámica xeral da aula para a adquisición das aprendizaxes.
- Arbitraranse dinámicas que fomenten o traballo en grupo, partindo do noso contorno.
- A linguaxe utilizada será clara e sinxela e a gradación das actividades fará que aparezan en último lugar as que requiren maior esforzo.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación practicarase da seguinte maneira:

- **Individualizada:** centrándose na evolución de cada alumno/a, e na súa situación inicial e particularidades.
- **Cualitativa :** onde se aprecian e avalían de forma equilibrada os distintos niveis de desenvolvemento do alumno/a.
- **Orientadora :** achegando ao alumno/a a información precisa para mellorar a súa aprendizaxe.
- **Continua :** contrastando os diversos momentos de aprendizaxe pasando por unha fase
- **Inicial :** que nos achega datos acerca dos coñecementos previos de cada alumno/a.
- **Os instrumentos** a utilizar: a observación directa do traballo diario da clase, reproducir esquemas por escrito e fichas de avaliación para comprobar a adquisición de coñecementos.